



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de igualdade

CIFP Compostela

Curso **2023-2024**

Índice

Composición da Comisión de Igualdade Introducción

1. Contexto normativo

- a. Impulso do modelo coeducativo e integración da perspectiva de xénero
- b. Contido do currículo
- c. Materiais didácticos
- d. Capacitación profesional
- e. Detección e actuación ante a violencia de xénero
- f. Integración da diversidade sexual

2. Principios fundamentais

3. Análise da situación do centro

- a. Análise xeral da situación de partida
- b. Datos Cuantitativos
Alumnado
 - i. Claustro
Organigrama
- c. Contextualización
 - i. Cuestións
Internas
Cuestións
Externas

4. Obxectivos xerais do plan

5. Desenvolvemento das actuacións

6. Actividades a desenvolver por departamento e temporalización

7. Propostas de visibilización e difusión

- a. Impacto no CIFP

8. Medidas de seguimento

9. Avaliación revisión e mellora do plan Anexos

Anexo: Referencias legislativas. Anexo:

Fichas Actividades

Composición da Comisión de Igualdade

Composición	Nome e apelidos	P o s t o
Presidente/a	Ramiro Esparís Sampedro	Director
Coordinador/a Igualdade	Jorge Glez. Lamas	Coordinador/a Igualdade
Representante do departamento de Información e Orientación Profesional	María Jesús García Taboada	
Representante do departamento de Formación e Orientación Laboral	Adrian Bolaño Ferradán	
Representante do alumnado	Sara Cores	Representante do alumnado

Este plan está deseñado para tentar implicar a todos os Departamentos que terán información nas correspondentes Reunións mensuais das distintas accións /actividades que se levarán a cabo.

Data de constitución: 30 Novembro 2023

Datas de axuste e adaptación: Curso 2023/2024

Introdución

O sistema educativo é un dos ámbitos que dispón de maior regulación en materia de políticas de igualdade entre mulleres e homes. Son numerosas as normativas, recomendacións, planes, etc..., que lle instan a traballar de maneira activa para acadar un modelo coeducativo que eduque e forme no desenvolvemento integral da persoas e rexeitando todo tipo de discriminación que poden levar a situacións de desigualdades e de imposibilidade de convivencia.

Considérase, por tanto, que o ofrecer igualdade na educación é condición necesaria para que as potencialidades individuais poidan estimularse e desenvolverse aceptando a diversidade desde o respecto. Con este plan preténdense traballar na convivencia reflexionando sobre as ideas que van permitir ter palabras para nomear que é o que está a pasar e plantexarnos preguntas para debater e reflexionar. Nesta idades abordaremos cuestión relacionadas coa sexualidade, o tema das identidades e

orientacións que terá como consecuencia a erradicación de estereotipos e discriminacións por razón varias.

Neste apartado incluímos o marco normativo básico en materia de igualdade e educación, así como as principais desigualdades que persisten entre mulleres e homes no ámbito educativo e produtivo. Tanto na normativa específica en materia de igualdade dirixido ás administracións educativas para a inclusión da igualdade de mulleres e homes nas súas políticas, como na normativa específica do ámbito educativo que inclúe mandatos en materia de igualdade, os aspectos normativos que se abordan poderían concretarse en:

- Impulso do modelo coeducativo e integración da perspectiva de xénero.
- Contido do currículos.
- Materiais didácticos coeducativos.
- Capacitación en materia de coeducación.
- Detección e actuación contra a violencia de xénero.
- Inclusión da diversidade afectivo sexual.

1. Contexto normativo

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes:

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, establece como principio da educación, no seu artigo 1, “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará a consecuencia de determinados fins, nos que salienta a “educación no respectados dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres...”. Na *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, mantéñense estes principios básicos,

O *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia* determina no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

O *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*,



establece no artigo 17, apartado d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

O Decreto 77/2011 do 7 de abril polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recolle no seu artigo 43.3 apartado m) que no proxecto funcional de centro integrado incluírase calquera outro proxecto ou plan que o centro integrado pretenda desenvolver.

1.1. Impulso do modelo coeducativo e integración da perspectiva dexénero.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no seu artigo 2 relativo á finalidade da formación profesional dispón:

“Dirixirse a conseguir o desenvolvemento integral da persoa á marxe dos estereotipos e dos papeis en función do sexo, o rexeitamento de toda forma de discriminación e a garantía dunha orientación académica e profesional non condicionada polas diferenzas sexuais”.

A nivel estatal, un mandato similar ven recollido na Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes, no seu artigo 23 cando insta a que en todo o sistema educativo se desenvolva o modelo coeducativo.

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Igualmente, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

E, na liña do establecido anteriormente o Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo. no seu artigo 3, sinala o seguinte:

d) Establecer relación interpersoais e sociais, na actividade profesional e persoal, baseada na resolución pacífica de conflitos, o respecto cara as demais persoas e o rexeitamento á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos comportamentos sexistas.

1.2. Contido do currículo.

Con relación ao currículo, a *Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes*, recolle no seu artigo 24 que a Administración educativa garantirá un igual dereito á educación de homes e mulleres a través da integración activa, nos obxectivos e as actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

Definindo as seguintes actuacións:

- a) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entres mulleres e homes
- b) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos de contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entres mulleres e homes, con especial consideración a isto nos libros de texto e materiais educativos.
- c) A integración do estudio e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas paraa formación inicial e permanente do profesorado.
- d) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- e) A cooperación co resto das Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- f) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papeldas mulleres na Historia

Existe unha extensa normativa a nivel estatal que obriga a incorporar nos obxectivos da Formación Profesional aquelas capacidades que lle permitan ao alumnado o desenvolvemento integral á marxe dos estereotipos de xénero, unha actitude crítica con respecto ao sexismo, a violencia e a discriminación en calquera ámbito da vida e competencias relacionadas coa resolución dos conflitos e a responsabilidade persoal e social.

A *Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero* no seu artigo 4.4, relativo aos Principios e valores do sistema educativo, establece que:

O Bacharelato e a Formación Profesional contribuirán ao desenvolvemento no alumnado da capacidade para consolidar a súa madurez persoal, social e moral, que



lles permita actuar de forma responsable e autónoma e para analizar e valorar criticamente as desigualdades de sexo e fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Asemade, a *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro* (texto consolidado, última modificación 23 de marzo de 2018), para a mellora da calidade educativa entre os obxectivos da formación Profesional, no seu artigo 40 establece que:

A Formación Profesional no sistema educativo contribuirá a que o alumnado consiga os resultados de aprendizaxe que lle permitan:

d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, con especial atención á prevención da violencia de xénero.

e) Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como das persoas condiscapacidade, para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio das mesmas.

1.3. Materiais didácticos:

Son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade* establecen no seu artigo 17.1:

A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- b) Enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- b) A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a

atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

- c) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

1.4 Capacitación do persoal.

No Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece no seu artigo 17.2:

- A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 18: Erradicación dos prexuizos nos centros docentes.

- Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou practicas consideradas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipadas de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outra en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenase adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.
- Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

Por outra parte o artigo 19 refírese á integración da igualdade na formación profesional dispoñendo:

- No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres. Puntualizar, así mesmo que, noutras etapas educativas

tamén se ten en conta como obxectivo a igualdade entre mulleres e homes; así, tanto o *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* como o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Entendemos que non se debe rematar este apartado de “Capacitación Profesional” sen facer referencia na Formación Profesional á implementación do Ciclo Superior en Promoción de Igualdade de Xénero (*Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título superior de Promoción de Igualdade de Xénero*) que capacita para desempeñar as seguintes ocupacións: “Promotor/ora de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, promotor/ora para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e técnico/a de apoio en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes”, consistindo a súa competencias xeral en: “programar, desenvolver e avaliar intervencións relacionadas coa promoción da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicando estratexias e técnicas do ámbito da intervención social, detectando situacións de risco de discriminación por razón de sexo e potenciando a participación social das mulleres”.

1.5 Detección e actuación ante a violencia de xénero.

Do mesmo xeito, a *Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero* dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, (Medidas no ámbito educativo) cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

1.6 Integración da diversidade sexual.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais intersexuais en Galicia*, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

- **Artigo 22: Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudio.**
 - A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.
 - Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.
- **Artigo 23: Actitudes.**
 - A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- **Artigo 24: Formación do persoal docente.**
 - Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.
- **Artigo 25: Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA**
 - A consellería competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.
- **Artigo 26 : Combater o acoso e favorecer a súa visibilidade.**
 - Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.
 - Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de

dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, dentro del Plan de Convivencia, para o que resolve no seu artigo 11.2 que establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas (artigo 22), nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

2 Principios fundamentais

A educación é un poderoso instrumento de transformación social, polo que o sistema educativo debe actuar en todo momento como motor para o cambio en prol da igualdade entre os xéneros. Tal e como se recolle no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, *“o traballo pola igualdade desde idades temperás debe ser un obxectivo permanente de calquera administración pública, pois ningunha sociedade democrática pode permitirse retroceder nos pasos que se van dando para modificar os valores sociais e eliminar os estereotipos sexistas que reproducen a desigualdade entre mulleres e homes.”*

Así, no ámbito de actuación 5: Educación para a igualdade e prevención das violencias contra as mulleres, o VIII Plan Estratéxico establece como reto *“Garantir a igualdade de xénero no ámbito educativo e reforzar a coeducación como instrumento de transformación dos valores que perpetúan desigualdades entre homes e mulleres”*.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, aínda vixente, establece como eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e aloita pola súa total desaparición.

- Inclusión e integración da diversidade. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

E, asumindo, o compromiso da Xunta de Galicia co Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se desenvolve a través de acordos de colaboración para por en marcha actuacións específicas en eidos como o da educación, entre outros e, en particular, o acordo de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinado con data 22 de febreiro de 2019, onde se establecen entre a súas medidas a mellora de plans de igualdade nos CIFPs; propoñemos como principios orientadores do CIFP Compostela para a elaboración do plan así como os que orientan os contidos os seguintes:

Principios orientadores para o deseño do plan de igualdade no noso centro:

- Adecuación e respecto á normativa aplicable no ámbito nacional e autonómico en materias de educación e igualdade.
- Coñecemento das actuacións básicas levadas a cabo polas distintas administracións con competencias en materias de educación e igualdade nas comunidades autónomas onde se están a implantar os planes de igualdade.
- Carácter de continuidade das actuacións e espírito integrador das mesmas.
- Modelo de educación en igualdade adaptarse ás necesidades reais do noso centro educativo e obedecerá a criterios de eficiencia.
- Avaliación e seguimento do Plan de Igualdade.

Deste xeito, os principios orientadores dos contidos do Plan de Igualdade son :

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Non discriminación.
- Respecto dos dereitos e liberdades fundamentais de mulleres e homes.
- Empoderamento.
- Transversalidade das actuacións que contempla o plan de Igualdade.
- Educación en e para a diversidade.
- Participación de toda a comunidade educativa (persoal do centro, docente e non docente e alumnado e comunidade onde está inscrito)
- Corresponsabilidade.
- Uso da linguaxe e materiais curriculares non sexistas e inclusivos.
- Resolución pacífica de conflitos.

Dos principios orientadores do contido despréndense un conxunto de eixos a analizar :

- Actitudes e valores.
- Uso non sexista da linguaxe.
- Uso de espazos e tempos.

- Materiais Curriculares de Educación en Igualdade.
- Prevención e detección de situacións de violencia de xénero.

3 Análise da situación do centro

3.1 Análise xeral da situación de partida

A análise da situación do centro establece danos a pautas para propor melloras e establecer prioridades establecendo puntos fortes e débiles e propostas de actividades a desenvolver. Existen varias indicadores que nos poden dar información sobre a situación de partida:

- Analizar o coñecemento do alumnado en relación a temas relacionados coa educación sexual.
- Detectar posibles situacións de violencia ou agresión que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar o alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por razón de xénero; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.
- Realizar un diagnóstico, revisando todo os documentos do centro, para detectar se existe unha linguaxe inclusiva.
- Analizar se a orientación académica e laboral que se realiza a través das titorías e do departamento de orientación realízase ao marxe de estereotipos de xénero.
- Realizar unha análise crítica dos libros de texto e demais materiais utilizados co alumnado para recoñecer situacións de desigualdade, invisibilización das mulleres, imaxes estereotipadas por xénero ou linguaxe sexista.
- Revisar o material bibliográfico da biblioteca desde unha perspectiva de xénero e de diversidade sexual.

3.2 Datos cuantitativos

Como datos cuantitativos de partida a nivel de matrícula atopámonos con:

Alumnado

As estatísticas de matrícula, no presente curso 2023-24 reflicten os seguintes datos, por Familia Profesional, Ensinanza en curso:

ESTADÍSTICA DE MATRÍCULA POR ENSEÑANZA E CURSO

 Ano académico: **2023/2024**

 Ensinanza: **Todas**

 Ano inicio: **Todos**

 Curso: **Todos**

 Réxime: **Todos**

 Grupo: **Todos**

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
19 Aloxamento e lavandaría	3	5	8
19 Artes gráficas	5	12	17
19 Atención a persoas en situación de dependencia	20	5	25
19 Cocíña e gastronomía	16	23	39
19 Cocíña e restauración	5	11	16
19 Dirección de cocíña	5	16	21
19 Dirección de servizos de restauración	7	11	18
19 Educación Infantil	25	3	28
19 Impresión gráfica	9	12	21
19 Integración social	26	4	30
19 Panadería, repostería e confitelaría	16	7	23
19 Preimpresión dixital	10	10	20
19 Servizos en restauración	7	12	19
19 Xestión de aloxamentos turísticos	13	12	25
29 Aloxamento e lavandaría	2	3	5
29 Artes gráficas	6	9	15
29 Atención a persoas en situación de dependencia	17	3	20
29 Cocíña e gastronomía	14	19	33
29 Cocíña e restauración	8	12	20
29 Dirección de cocíña	12	10	22
29 Dirección de servizos de restauración	4	16	20
29 Educación Infantil	30	1	31
29 Impresión gráfica	10	11	21
29 Integración social	25	4	29
29 Panadería, repostería e confitelaría	11	3	14
29 Preimpresión dixital	8	9	17
29 Servizos en restauración	5	6	11
29 Xestión de aloxamentos turísticos	17	15	32
(A)-Atención a persoas en situación de dependencia	33	11	44
(A)-Cocíña e gastronomía	10	23	33
(A)-Deseño e xestión da produción gráfica	20	12	32
(A)-Dirección de cocíña	25	28	53
(A)-Dirección de servizos de restauración	3	8	11
(A)-Educación Infantil	129	13	142
(A)-Promoción de Igualdade de xénero	65	4	69
(A)-Servizos en restauración	4	13	17
(A)-Xestión de aloxamentos turísticos	139	38	177
Panadería e bolaría artesanais	7	5	12
Totals:	771	419	1190

Centro	Mulleres	Homes	Total
--------	----------	-------	-------

— CIFP Compostela	771	419	1190
-------------------	-----	-----	-------------

Claustro

O Claustro do CIFP Compostela conta, a data de outubro de 2023 cos seguintes profesores/as: exercendo nesa data.

Departamento de Artes Gráficas

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	4	7	11

Departamento de Dinamización de Idioma

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	8	1	9

Departamento de Formación e Orientación Laboral

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	6	1	7

Departamento de Hostalería e Turismo

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	17	25	42

Industrias Alimentarias

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	2	1	3

Servizos Socioculturais e á Comunidade

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	17	4	21

Total Claustro CIFP Compostela (revisión outubro de 2023)

Centro	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	56	39	95

Se nos centramos nos cargos no CIFP Compostela, atopámonos co seguinte organigrama:

Organigrama:

Dirección do CIFP Compostela
D. Ramiro Esparis Sampedro
Xefatura da área de calidade, innovación e orientación profesional
Xefatura de área: D ^a . María Joaquina Alonso Castro.
Xefatura de departamento de Relación con Empresas: D. Carlos Veiga Pérez.
Xefatura de departamento de Calidade e Innovación: D. Enrique Moldes Fandiño.
Coordinación de Innovación e Formación do Profesorado: D. Manuel Angel Taboada Fernández.
Coordinación de Programas Internacionais: D ^{na} .Mónica Rouco Botana
Coordinación de Tecnoloxía da Información e Comunicación (TIC): D ^a . Paula Cao Brey.
Xefatura de departamento de Acreditación e Probas: D ^a : Lucía López Rey.
Xefatura de departamento de Información e Orientación Profesional: D ^a . María Jesús García Taboada.
Coordinación de Emprendemento: D. Fernando Regueira Veiga.
Coordinación de igualdade e benestar: D ^a . Marta García Guede
Xefatura da área de administración e xestión
D. José Antonio Vieites Quintáns
Xefatura da área de formación
D. Juan Manuel Cañete Quiñoy.
Xefatura do departamento de Hostalería e Turismo: D. José Manuel Quintáns Couselo.
Formación a distancia: D ^a . M ^a Luisa Alonso Fernández.
Xefatura do departamento Industrias Alimentarias: D ^a . María Luisa Fontela Albor.
Xefatura do departamento Artes Gráficas: D. Daniel Castelo Guerrero.
Xefatura do departamento Servizos Socioculturais e á Comunidade: D ^{na} . Ana María Neira Beade.
Xefatura do departamento de Formación e Orientación Laboral: D. César García Traba.
Xefatura do departamento de Dinamización de Idiomas: D ^a . María Rañón Pimentel
Coordinación de Biblioteca: D ^a . María Mercedes Teijeiro Gato.
Coordinación do Equipo de Dinamización de Lingua Galega: D. Serxio Carreira Trigo.

rganigrama	Mulleres	Homes	Total
- CIFP Compostela	10	11	21

Persoal non docente

CIFP Compostela	Mulleres	Homes	Total
- Persoal non docente	21	5	26

3.3 Contextualización

Identificar as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades do centro relacionadas coa igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Cuestións internas

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> Existe un plan de Igualdade dende o 2019 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobamos que os estereotipos de xénero seguen presentes na elección de itinerarios académicos e profesionais.
<ul style="list-style-type: none"> Aínda que non forman parte dunha acción sistemática, existen actuacións para a igualdade no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> A linguaxe inclusiva non está na totalidade dos documentos do centro
<ul style="list-style-type: none"> Abórdanse a educación en emocións, a corresponsabilidade, os estereotipos e a orientación académica de forma non sistematizada nos distintos ciclosofertos. 	<ul style="list-style-type: none"> As actividades puntuais relacionadas con datas específicas (25N, 8M) non están sistematizadas, dependen da voluntariedade do profesorado.
<ul style="list-style-type: none"> Existe un equipo de igualdade que desenvolve actuacións de forma intermitente no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> Falta dunha imaxe coeducativa da web do centro: Linguaxe, difusión das actividades, sección específica, logo ou imaxe identificativa.
<ul style="list-style-type: none"> Existe un blog onde se recollen actuacións levadas a cabo. 	<ul style="list-style-type: none"> A linguaxe inclusiva aínda non está xeralizada no centro, sobre todo, na comunicación oral.
<ul style="list-style-type: none"> Dende a Biblioteca téñense levado a cabo accións promotoras da igualdade. 	<ul style="list-style-type: none"> Os libros de texto e os materiais didácticos, maioritariamente, carecen de perspectiva de xénero e dunha linguaxe inclusiva.
<ul style="list-style-type: none"> O equipo directivo ten presenza feminina. 	<ul style="list-style-type: none"> A formación do profesorado en materia de igualdade segue a ser escasa, o que supón unha limitación importante para incorporala de forma transversal en todas as materias

<ul style="list-style-type: none"> O equipo directivo apoia e manifesta o seu compromiso na implantación de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado recibe unha formación moi escasa en educación sexual e esta non é transversal nin inclusiva
<ul style="list-style-type: none"> Este curso mantense un club de lectura no que van ver unha selección de lecturas con perspectiva de xénero e diversidade sexual 	<ul style="list-style-type: none"> Non existe unha liberación nin recoñecemento da coordinadora de igualdade semellante a outros departamentos
<ul style="list-style-type: none"> Lévanse a cabo actividades puntuais que involucran a gran número de profesorado e alumnado; así como a axentes e entidades externas. 	<ul style="list-style-type: none"> Non é fácil a coordinación e traballo colaborativo do profesorado nin dos diferentes ciclos e grupos por falta de tempo e excesiva burocratización das actividades complementarias

Cuestións externas

Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> A educación sexual é una materia de gran interese entre o alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> Aínda que a normativa é clara na implementación das medidas, a depende exclusivamente da voluntariedade do profesorado involucrase nas accións a levar a cabo xa que non existe normativa que asigne recursos específicos (humanos, materiais, temporais) ao desenvolvemento das accións e resta valor as accións a levar a cabo
<ul style="list-style-type: none"> Existe un grupo entre o profesorado interesado na realización das actividades recollidas no Plan de Igualdade no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> O Equipo de Igualdade carece de liberación horaria para o adecuado desenvolvemento das accións definidas no Plan
<ul style="list-style-type: none"> Existen recursos externos, que poden facilitar o desenvolvemento de actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> A sobrecarga de funcións do profesorado (horas lectivas, nº de alumnado, calidade...) dificulta a asunción de novas responsabilidades.
<ul style="list-style-type: none"> analízanse as actuacións a través das xefaturas dos departamento, apelando á voluntariedade das persoas. 	
<ul style="list-style-type: none"> Dende a Dirección Xeral de FP se está forzando a actuacióne a posta en marcha de medidas, o que induce a pensar que poderán ter continuidade e recoñecemento co tempo. 	
<ul style="list-style-type: none"> Existe un grupo de traballo no centro e unha implicación activa por parte do equipo directivo. 	
<ul style="list-style-type: none"> Implantouse neste curso o CS de Promoción de Igualdade de Xénero no centro 	
<ul style="list-style-type: none"> As accións levadas a cabo ata o momento poderíanse sistematizar. 	

Despois de analizar a DAFO; unha vez “ubicadas”, as actividades propostas por parte das persoas membros da comisión iran encamiñadas a consolidar ou acadar un maior nivel de implementación:

Básico:

- Usamos unha linguaxe non sexista a nivel escrita, boletíns, comunicacións, notas e

avisos internos, actas, carteis, letreiros..

- Realizamos actividades o 25N e 8M. Aplicamos a perspectiva de xénero noutras celebracións como o día do libro, o día da docencia ou calquera outra data conmemorativa.

Intermedio:

- Documentos oficiais do centro (PXA, PE, PAT, Programacións..) utilizamos unha linguaxe escrita non sexista.
- PAT existen actividades relacionadas coa igualdade nos diferentes ciclos do centro. Abordarase a educación sexual nas aulas.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outros materiais coeducativos relativos a temáticas feministas, igualdade, diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Fanse obradoiros ou talleres sobre a prevención das violencias machistas. Existen unidades didácticas específicas nas programacións de cada materia. Sexo das persoas que participan na oferta de formación permanente non estereotipada.
- Acción concretas. Desenvólvense actividades concretas por algunha profesora ou profesor, de xeito individual ou nalgún grupo, departamento específico, biblioteca...
- Existe presenza equilibrada de mulleres e homes no equipo directivo. Utilizan unha linguaxe inclusiva. Realízase o esforzo de nomear representante de igualdade no centro. Existe o apoio manifesto por parte da dirección as actividades relacionadas coa educación en igualdade.(comisión de igualdade, coordinadora..) Apoia en tempos, espazos e recursos o diagnóstico e actividades a desenvolver do centro con perspectiva feminista. Presenta os datos desagregados por sexos en resultados académicos e de convivencia. Analiza os itinerarios ou ciclos pola súa predominancia de alumnose alumnas.
- Existe unha imaxe coeducativa da web do centro: linguaxe, difusión das actividades, sección específica e logo.
- Por parte dos departamentos analízanse os libros de texto e materiais escritos e audiovisuais revisando a linguaxe, imaxe, presenza/ausencia das mulleres nos diferentes sectores profesionais. Impúlsanse imaxes que presentan a diversidade afectivo sexual, división sexual do traballo con imaxes non estereotipadas das profesións. (presentan a varóns relacionados coa ética do coidado, mulleres vinculadas a temas científicos, tecnolóxicos, empoderadas con iniciativa persoal, autoridade social e éxito profesional así como referentes femininos na historia da profesión).

- Utilízanse recursos externos (inclusión en programas de innovación, colaboración con distintas asociacións ou entidades...)

Nivel avanzado:

- Linguaxe escrita e oral (docente e non docente). Utilízase nos contextos formais como claustros, avaliacións, Concello Social e actos públicos en xeral e nos contextos informais.
- Contase na biblioteca cunha sección específica. Lévanse a cabo clubs de lectura (alumnado e profesorado) . Proxecto Lector con Perspectiva de xénero.
- O plan de Convivencia recolle datos desagregados por sexo en mediación, expulsións, expedientes, avisos de incidencias, taxas de promoción e titulación. Existe un plan de educación emocional e afectivo sexual.
- O Plan de igualdade está incorporado no Plan de Convivencia.
- Existe algún plan formativo para o profesorado en materia de igualdade no centro.
- O profesorado dispón dun banco de recursos para adaptar as súas programacións.
- Os espazos presentan ocupacións equilibradas de homes e mulleres. Existen puntos específicos destinados á actuacións en igualdade. Están adaptados a necesidades de ambos sexos e ao colectivos LGTBI. (aseos, vestiarios..).
- Existe persoal especializado en igualdade liberado en horario.
- Existe unha comisión permanente de igualdade representativa da comunidade educativa.

4 Obxectivos xerais do Plan

1. Incorporar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro:

- a. Manter o espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- b. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade sexual.
- c. Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- d. Identificar e difundir boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos, visibilizando os roles non marcados na orientación educativa e profesional e facilitando modelos

profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.

2. Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.

- a. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos dende o punto de vista da perspectiva de xénero.
- b. Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- c. Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos dende o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.
- d. Elaborar unha publicación divulgativa para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa
- e. Manter o espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- f. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación no centro dende o respecto e a integración da igualdade.
- g. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva sexual.

3. Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo e o fomento de dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero.

- a. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal docente do noso centro.
- b. Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectivo sexual.
- c. Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado.
- d. Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
- e. Fornecer pautas para a revisión dos documentos interno do centro para explicitar as medidas re educativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- f. Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir as liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.

- g. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución de cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.
 - h. Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias.
 - i. Impulsar a consolidación do ciclo formativo superior de Igualdade para manter a perspectiva de xénero na oferta de FP do centro.
 - j. Favorecer a implicación do profesorado das distintas familias profesionais nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.
- 4. Educar dende a diversidade para unha relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.**
- a. Elaborar unha publicación divulgativa para o profesorado para difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
 - b. Fornecer pautas para a revisión dos documentos interno do centro para explicitar as medidas re-educativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
 - c. Incluír nun espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de diversidade afectivo sexual de interese paraa comunidade educativa.
 - d. Realizar ou colaborar con entidades locais con accións formativas sobremateriais didácticos coeducativos e de educación sexual.
 - e. Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade e diversidade afectivo sexual no curso de formación inicial do novo persoal docente.
 - f. Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado.
 - g. Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir as liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- 5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.**
- a. Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación no centro dende o respecto e a integración da igualdade.

- b. Fornecer pautas para a revisión dos documentos interno do centro para explicitar as medidas re educativas e reparadora aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
 - c. Promover unha imaxe das mulleres e homes no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos e masculinos en todos os eidos da sociedade.
 - d. Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica ou calquera dos sectores produtivos altamente masculinizados no alumnado feminino.
 - e. Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.
- 6. Abordar a detección precoz e a resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensacións de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc...).**
- a. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero e prevención da violencia de xénero no ámbito educativo.
 - b. Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.
 - c. Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia.
 - d. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva sexual.
 - e. Incluir nun espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de prevención da violencia exercida contra a muller.

5 Desenvolvemento das actuacións

Actuación	Obxectivos	Actividades	Responsable. Coordinación E Participantes	Orzamento/ Recursos Previstos na data de entrega e asignados por actividade	Medición/ Indicador	Cronograma De Actuacións
A1. Día Internacional contra a violencia de xénero 25N	1. Incorporar a perspectiva de xénero o do principio de igualdade de oportunidades 2. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica 3. Abordar a detección precoz e a resposta eficaz e sistémica á violencia	1. Charlas de sensibilización (Noelia Míguez 8 señales) 2. Contacontos: Donas do Lugar; María da Pontragha	Responsables: Comisión de Igualdade. Equipo directivo. Coordinación: Comisión igualdade Departamentos Participantes: Comunidade educativa	Orzamento previsto: 700 €	Consecución de obxectivos. Grao de realización de actuacións previstas. Grao de satisfacción.	Mes de novembro

<p>A2. Realización de actividades de sensibilización por diferentes axentes sociais sobre igualdade</p>	<p>4. Incorporar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades</p> <p>5. Educar na diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas</p>	<p>3. Desenvolvemento de actuacións con diferentes colectivos e de cobertura variable (centro, departamento, aula) contando coa colaboración e/ou apoio de diferente actores locais</p>	<p>Responsables: Coordinación de igualdade</p> <p>Equipo directivo</p> <p>Departamento de orientación</p> <p>Coordinación: Departamento de SSC Comisión de igualdade</p> <p>Participantes: Profesorado e alumnado</p>	<p>Orzamento previsto: A establecer</p> <p>cos distintos axentes</p>	<p>Consecución de obxectivos.</p> <p>Grao de realización de actuacións previstas.</p> <p>Grao de satisfacción.</p>	<p>8 de marzo e transversal (a lo longo do curso)</p>
<p>A3 Participación na programación conxunta de actividades</p>	<p>6. Identificar posibles áreas de traballo común coas coordinacións que contibúan a dinamizar a vida socioculturais do CIFP (dinamización da lingua e biblioteca)</p>	<p>4. Identificación de sinerxias e liñas de colaboración que faciliten o traballo en rede coas coordinación de dinamización da lingua e biblioteca</p>	<p>Responsables: Coordinación de igualdade</p> <p>Coordinación de dinamización da lingua</p> <p>Coordinación da Biblioteca</p>	<p>Orzamento previsto: Por determinar</p>	<p>Número de actividades conxuntas.</p>	<p>Transversal (a lo longo do curso)</p>

<p>A4. Día Internacional da Muller, 8M</p>	<p>7. Conmemorar e vindicar o 8 de Marzo</p>	<p>5. Re</p>	<p>Responsables: Coordinación de igualdade Equipo directivo</p> <p>Coordinación: Coordinación igualdade Departamento de SSC</p> <p>Participantes: Profesorado e alumnado</p>	<p>Orzamento previsto: 700 €</p>	<p>Consecución de obxectivos.</p> <p>Grao de realización de actuacións previstas.</p> <p>Grao de satisfacción.</p>	<p>Marzo 2024</p>
--------------------------------------------	----------------------------------------------	--------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------

6 Actividades a desenvolver por Departamento e Temporalización

A presente proposta de actividades é un suxestión para a súa implementación efectiva unha vez a comisión e coordinación de igualdade se atope consolidada* na dinámica organizativa e funcional do centro.

1. **INFORMAR.** Unha vez creada a Comisión de Igualdade para o presente curso, presentárase por escrito unha proposta de actuacións no centro.
2. **IDENTIFICAR:** Faise precisa a colaboración de alomenos unha persoa por departamento que canalice as decisións e propostas.
3. **ACTIVIDADES A LEVAR A CABO:**
 1. Por todos os membros do departamento:
 - A progresiva revisión e inclusión dunha linguaxe non sexista nos documentos oficiais e materiais utilizados na aula (programacións, actas, informes...). (utilización de xenéricos como alumnado, ou masculino feminino, exemplos de femininos desenvolvendo actividades non asignadas usualmente ...).
 - Desagregar por sexo os datos obtidos. (nº homes e nº mulleres)
 - Facilitar o desenvolvemento de actuacións coa participación activa nas actividades deseñadas.
 - Inclusión de referentes non estereotipados na programación (mulleres profesionais do sector). Propoñer unha profesional do sector e o campo no que é especialista. Remisión do listado á xefa ou xefe de departamento.
 2. Polas persoas designadas. (durante todo o curso, un trimestre, unha semana... non necesariamente teñen que estar todo o ano).
 - Participación nas diferentes actividades a levar a cabo:

NOVIEMBRE- DICIEMBRE.

- Informar das actividades realizadas co gallo do 25N do 2023

XANEIRO-MARZO.

- Difundir e traballar aspectos relacionados coa celebración do 8M 2024 na aula.
- Colaboración con axentes externos para a formación.

- Asistencia e participación nas actividades deseñadas polo grupo de igualdade.
- Humanización de espazos

ABRIL-XUÑO

- Asistencia e participación nas actividades deseñadas polo grupo de igualdade.

Entre as posible propostas de traballo a desenvolver e de acordo á liña de traballo seguida en cursos precedentes formúlase as seguintes:

DEPARTAMENTO DE ARTES GRÁFICAS

Deseño e impresión de material gráfico de visibilización de difusión das actividades propostas no Plan nomeadamente para o 8 de marzo 2024

COORDINACIÓN BIBLIOTECA.

Maleta viaxeira para os departamentos. (Manuais e materiais didácticos para a inclusión da perspectiva de xénero e proposta de actividades)

COORDINACIÓN CLUBES DE LECTURA.

Proposta Clubes de lectura.

DEPARTAMENTO DE IDIOMAS.

Selección de películas V.O. para a o seu visionado, para o tratamento de temas de igualdade. Planificación da actividade. 1 por trimestre. Establecer breve “guía didáctica” para o debate. (Proposta temas :1ª violencia contra a muller. 2ª amor romántico e cousificación da muller. 3ª Diversidade afectiva- sexual)

7 Propostas de visibilización e difusión

Ao igual que no anterior epígrafe o presente apartado atópase condicionado polo seguinte: A presente proposta de visibilización e difusión é unha sorte de suxestión ou orientación xeral para a súa implementación efectiva precisaría da consolidación da comisión de igualdade, como órgano colexiado e a coordinación, como órgano unipersonal, na vida organizativa e funcional do CIFP:

Todas as actuacións previstas neste Plan de Igualdade do CIFP Compostela, están encamiñadas á visibilización e difusión do mesmo, non só entre a comunidade educativa do noso centro, senón cara ao exterior: axentes externos, colaboracións, outros centros, visitas,.... Integrando o principio de igualdade na cultura, obxectivos e valores do CIFP, tentando implicar a toda a comunidade, capacitando aos distintos Departamentos para incorporar a igualdade na súa labor, e en definitiva

sensibilizando en materia de igualdade.

Se nos referimos a medidas concretas:

- Fomento do uso de linguaxe e imaxes non sexistas no centro.
- Humanización de espazos.
- Presenza e información / formación por Departamentos.
- Elaboración de manuais / publicacións.
- Presenza física no CIFP en diversos puntos: baños, taquillas, pasos, puntos de igualdade, ...
- Actividades que abranguen a máis colectivos que o CIFP (curtas, charlas, cooperacións, ...)
- Procura de presenza dos medios en distintas actividades.
- Presenza na web e redes sociais do centro.
- Distribución de material entre os Departamentos de Orientación da contorna.
- Distribución de material entre visitas tanto doutros centros, entidades ou persoas.
- Difusión noutros centros (visitas e material para os Departamentos de Orientación)
- Logotipo de igualdade.

7.1 Impacto no CIFP

Para o curso 2023-2024 prevese un certo axuste das accións contempladas en comparación con cursos precedentes buscando acomodo e equilibrio entre os recursos dispoñibles e a adaptación da persoa coordinadora ás encomendas derivadas do posto.

O noso Plan de Igualdade configúrase como unha estratexia de visualización permanente e continua dentro das dinámicas do centro, priorizando espazos propios de igualdade, presenza nas actividades cotiás do centro, nas actividades lectivas e de Departamentos, na vida comunitaria, coordinación e cooperación con axentes sociais da comunidade, cooperación con centros educativos da contorna, facilitando a convivencia e espazos de reflexión e a presenza nos medios dixitais.

En definitiva, normalizando a Igualdade na Formación Profesional, nomeando, visibilizando e recoñecendo a contribución das mulleres na profesionalización do país.

8 Medidas de seguimento

O seguimento do plan constitúe un proceso que se desenvolverá para obter un coñecemento preciso sobre as intervencións realizadas en materia de igualdade, será un sistema de observación

continuada, mediante a recollida sistemática de información.

Este seguimento require revisión de obxectivos para realización da memoria final; revisión de actuacións e as súas actividades para a planificación de futuras accións e liñas de mellora. Con este fin realízanse enquisas de valoración para seguir o impacto do noso plan, así como para establecer os procedementos de mellora.

Tentase ao longo do plan de igualdade recoller datos obxectivos referidos a:

- Obxectivos acadados, en proceso e aprazados.
- Matriz do deseño do proxecto (DAFO).
- Adecuación do cronograma.
- Revisión de recursos.

9 Avaliación, revisión e mellora do Plan

A avaliación é un elemento fundamental nun Plan de Igualdade xa que permitirá unha mellora continua e un diagnóstico dos puntos fortes e débiles do noso plan. Para a avaliación do Plan de Igualdade utilizaranse diferentes instrumentos e intentarase a participación activa de toda a comunidade educativa:

- Observación
- Recollida de datos cuantitativos e cualitativos
- Reunións da comis

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...), a consecución de obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de Igualdade...

A avaliación é a ferramenta imprescindible para mellorar, corrixir e modificar as actuacións realizadas e tamén para detectar posibles fortalezas e debilidades.

Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados no presente Plan.

Revisión e mellora do Plan e conclusións finais

Realizarase no documento “Memoria Plan de Igualdade”

ANEXOS

Anexo: Referencias Lexislativas.

[Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

[Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia](#)

[Decreto 77/2011 do 7 de abril polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria](#)

[Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar](#)

[Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título superior de Promoción de Igualdade de Xénero e Corrección de erros.](#)

[Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

[Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade](#)

[Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia](#)

[Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia](#)

[Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes](#)

[Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia](#)

[Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de Medidas de protección integral contra a violencia de](#)

[xénero Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación \(última modificación 6 de decembro de 2018\)](#)

[Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro \(última modificación 23 de marzo de 2018\), para a mellora da calidade educativa](#)

[Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo](#)

Anexo: Fichas actuacións

CURSO: 2023/2024

Nome De Actuación	Persoas Destinatarias	Persoas Responsables	Número De Actuacións
A1: Día Internacional contra a violencia de xénero, 25N	Comunidade educativa Profesorado e Alumnado	Equipo Directivo Comisión de Igualdade. Departamentos	3
Obxectivos	<p>Xerais: Incorporar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica Abordar a detección precoz e a resposta eficaz e sistémica á violencia</p> <p>Específicos: Identificar e visibilizar diferentes tipoloxías de violencia Concienciar sobre o valor da muller na nosa historia Facilitar a detección de calquera forma de acoso, agresión ou violencia que sufra algunha ou algún membro da comunidade.</p>		
Descrición da actividade	<p>Ao longo do mes de novembro desenvolveranse varias actividades no centro para visibilizar as diferentes violencias contra a muller:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Charla/coloquio de sensibilización sobre a violencia de xénero</u> a cargo de Noelia Míguez autora do libro "8 señales" - <u>Contacontos</u> para toda a comunidade educativa no salón de actos, realizado por María da Pontragha, chamado "Donas do lugar". Versará sobre a historia de varias mulleres que, a través de pequenas revoltas, lograron grandes cambios para as donas do lugar, e prepararon o camiño para as que viñan detrás. - Obradoiro formativo co alumnado de FP Básica desenvolvido pola asociación ACADAR 		
Implementación	Mes de novembro		
Visibilización e difusión	Difusión entre os departamentos implicados		
Avaliación	Consecución de obxectivos. Grao de realización de actuacións previstas. Grao de satisfacción.		

Observacións

A charla coloquio de sensibilización ten como público-diana os grupos de segundos cursos

A contada "donas do lugar" ten como público-diana os grupos de primeiros cursos.

Nome De Actuación	Persoas Destinatarias	Persoas Responsables	Número De Actuacións
A2. Realización de actividades de sensibilización por parte de diferentes axentes sociais sobre igualdade	Profesorado. Alumnado Comunidade educativa. Entorno comunitario. (Concello, Vagalume, Colectivo LGTBI., ACADAR.)	Departamento de Orientación. Comisión de Igualdade. Equipo directivo. Departamento de Servizos á comunidade.	Por concretar.
Obxectivos	Xerais: Incorporar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades. Educar na diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudablese respectuosas.		
	Específicos: Coñecer os diferentes recursos sociais implicados na igualdade existentes na comarca Optimizar os recursos dirixidos a traballar a perspectiva de xénero. Visibilizar a diversidade social.		
Descrición da actividade	<p>A principio de curso, elaborase polos departamentos a proposta de ACFs nos CIFP polo que consideramos importante contactar coas organizacións ou entidades que traballen a perspectiva de xénero e que inclúen dentro dos seus fondos actividades de sensibilización a centros educativos para optimizar os recursos que temos na propia comunidade. Moitas delas ofertan talleres, charlas, campañas divulgativas e preventivas... O centro conta na súa oferta co departamento de Servizos socioculturais e á comunidade. Este departamento ten unha relación estreita con estas entidades debido á súa relación cos perfís profesionais que forma. Polo que poderá elaborar unha guía de recursos.</p> <p>A comisión de convivencia e igualdade elaboraría anualmente unha proposta de actividades que se podan solicitar polo centro.</p> <p>A forma de xestionalo pode ser a través dos propios departamentos a principios de curso, co profesorado liberado en horas a partir de marzo, para o curso seguinte ou a finais do curso.</p> <p>A guía de recursos elaborada terá un listado de entidades, persoa de contacto, proxecto u actividade que pode realizar e teléfono ou forma de contacto.</p> <p>As actuacións irán dirixidas a todo o alumnado. De ser limitado o aforo ou o tipo de actuación, farase unha consulta a través dos departamentos ao profesorado con función de tutoría e ao departamento de orientación para seleccionar aos grupos destinatarios da actuación.</p> <p>Estas actividades estarían dentro do plan de Convivencia e Igualdade do centro. A asumirían as persoas liberadas en horas para a coordinación.</p>		
Implementación	Durante todo o curso.		
Visibilización e difusión	Incorporación das actividades como ACF nos departamentos. Difusión na rede.		
Avaliación	Consecución de obxectivos. Grao de realización de actuacións previstas. Grao de satisfacción.		
Observacións	A actuación require dunha boa comunicación coas institucións públicas que ofertan formación e charlas nos centros educativos durante todo o curso e fundamentalmente no peche e inicio do curso escolar para incorporar as actuacións na planificación dos departamentos como ACFs. Elaborar correos e lista de contactos.		

Nome De Actuación	Persoas Destinatarias	Persoas Responsables	Número De Actuacións
A3. Participación na programación conxunta de actividades	Alumnado. Profesorado.	Comisión de Igualdade Coordinación de dinamización da lingua Coordinación de biblioteca	Por detreminar
Obxectivos	Xerais: Identificar posibles áreas de traballo común coas coordinación que contibúen a dinamizas a vida socioculturais do CIFP (dinamización da lingua e biblioteca)		
	Específicos: Identificación de sinerxias e liñas de colaboración que faciliten o traballo en rede coas coordinación de dinamización da lingua e biblioteca		
Descrición da actividade	A través das accións contempladas nesta liña de traballo búscase a optimización de recursos e o axuste do presente plan aos recursos dispoñibles na actualidade		
Implementación	1ª fase: setembro- decembro 2ª fase: xaneiro- marzo 3ª fase: abril- xuño.		
Visibilización e difusión	Non se contempla		
Avaliación	Número de accións conxuntas		
Observacións			

Nome De Actuación	Persoas Destinatarias	Persoas Responsables	Número De Actuacións
A8: Día Internacional da Muller, 8M	Comunidade educativa Profesorado e Alumnado	Equipo Directivo Comisión de Igualdade. Departamentos	4
Obxectivos	Xerais: Incorporar a perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades		
	Específicos: Realizar accións informativas sobre a comunidade educativa sobre a conmemoración do 8 de marzo. Coñecer os diferentes recursos sociais implicados na igualdade existentes na comarca.		
Descrición da actividade	Ao longo do mes de marzo desenvolveranse varias actividades no centro para visibilizar a conmemoración do 8M: <ul style="list-style-type: none"> - <u>Charlas de sensibilización</u> para o alumnado de diferentes colectivos que traballan no eido da igualdade - <u>Evento de interese sociocultural: actividade por determinar cuxo destinatario será a comunidade educativa do cifp</u> 		
Implementación	Mes de febreiro e marzo		
Visibilización e difusión	Publicación na páxina web e redes. Cartelería específica Difusión nos departamentos		
Avaliación	Consecución de obxectivos. Grao de realización de actuacións previstas. Grao de satisfacción.		
Observacións	Prevese utilizalo salón de actos para o desenvolvemento desta actividade		

Santiago de Compostela a 30 de novembro de
2023

Comisión de Igualdade do CIFP Compostela
Jorge.G Lamas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL

